

THE WALL/O MURO que é para ti a paz?

OBXECTIVOS

Reflexionar sobre os muros físicos e mentais que nos separan dos outros/as e de nós mism@s. O fin último do proxecto é repensar as conductas físicas, psíquicas e verbais do alumnado para que a violencia, en calquera das súas manifestacións, sexa desenmascarada e erradicada.

MATERIAS PARTICIPANTES

EPeV, Literatura e Lingua española, Ética, Xeografía e Historia, Tecnoloxía...Biblioteca, Roteiro, Inglés, Atención educativa, Relixión...

ACTIVIDADES

Este proxecto educativo consiste na construción dun muro dentro do instituto. Esta construción irá precedida e acompañada de reflexións sobre o tema nas clases das disciplinas implicadas. Unha vez finalizada a actividade na súa parte teórica, o muro será derrubado.

TEMPORALIZACIÓN

1. FASE A: XANEIRO (30 día da paz)

Introdución ao tema nas clases e preparación dos primeiros ladrillos do muro. Os ladrillos serán caixas de zapatos que cada alumno ou alumna pintará de gris e dentro ocultará unha imaxe ou un pequeno texto que reflecta a súa reflexión sobre a paz e os muros que nos separan. Todas as imaxes e frases serán introducidas nunha primeira caixa-buzón que será a 1ª pedra dun muro.

O día 30 de xaneiro, día da paz, serán colocados os primeiros ladrillos do muro nunha especie de "performance" diante da rampa de acceso ao pasillo da xefatura.

2. FASE B: FEBREIRO-MARZO

Os estudantes de EPeV implicado irán pintando e colocando máis ladrillos a medida que vaian traballando os contidos.

3. FASE C: ABRIL PINTADAS

Unha vez que o muro esté finalizado, os estudantes:

- EPeV: estudarán a historia, teoría e técnica do graffiti. Despois baixarán en diferentes días e pintarán sobre ese muro en calquera das técnicas e estilos estudados. Estudarán tamén a teoría do performance e dos hapenings que aplicarán na fase final cando se derrube o muro.
- Biblioteca: exposición de libros e películas relacionados coa paz na biblio. Participación na coordinación do proxecto en colaboración co departamento de EPV.
- Xª e Hª: 4º ESO e 1º Bacharelato estudarán o muro de Berlín (Guerra fría), o muro que separa Marrocos dos campamentos de refuxados do Sahara (Descolonización) e o muro de Melilla (faladoiro con inmigrantes para contar a súa historia) ·3º ESO taller sobre inmigración.
- Roteiro: muro entre a veciñanza da aldea de Coia e veciñanza do polígono de Coia. Faladoiro coas mulleres de Dorna, Angel e Pura para contarles como era a aldea de Coia e que supuso para os veciñ@s a chegada do polígono. Obxectivo: escoitando ao outro, desenvolvo a empatía, a comprensión. Charlas de Eduardo

Rguez. arqueólogo sobre a historia do barrio. Roteiro-lavandeiras, saída con 4º ESO e 1º Bacharelato coa presenza das mulleres que expliquen como lavaban.

- Lingua e Literatura castelá: as palabras nos graffitis. Expresamos a paz.

4. FASE D: MAIO DERRIBO DO MURO

A principios do mes de maio procederase ao derribo do muro nun acto simbólico. O alumnado participante farán un “acto” no que tirarán o muro e salvarán do ladrillo-buzón o que hai no seu interior e que simboliza a paz para as persoas que forman a comunidade educativa.

5. FASE 5: EXPOSICIÓN

O alumnado organizará as imaxes e textos atopados no interior do ladrillo-buzón sobre mesas e vitrinas para construír unha exposición que permanecerá no centro até o final de curso.

PELÍCULAS

El muro de Pink Floyd

El muro de Berlín (Datos e datos)

MATERIAL

Datos e Datos

ENLACES

http://www.bbc.co.uk/mundo/internacional/2009/10/091030_muros_primera.shtml

<http://www.edualter.org/index.htm>

<http://www.amnistiacatalunya.org/edu/material/material-virt.html>

<http://www.sgep.org/>